



Instrucións matrícula na ESO:

Prazo oficial: do 1 ao 10 de xullo

Horario de administración: de 9:00 a 14:00. **Non se precisa cita previa.**

Aínda que ese é o prazo oficial, poderase formalizar a matrícula dende o xoves 25 de xuño.

Poderá formalizar a matrícula neste prazo o alumnado que aprobou todo en xuño ou o que ten un máximo de 2 materias suspensas. O resto do alumnado fará a matrícula no prazo de setembro.

En **3º e 4º de ESO** é obrigatorio o pago do **Seguro Escolar** (1,12€). Poderase facer o pago en efectivo no centro, aportando o **importe exacto** ou en Abanca co impreso que vai no interior do sobre de matrícula.

Xunto ca solicitude de matrícula achégase:

- 1- Resgardo da matrícula
- 2- Pago do seguro escolar para o alumnado que se matricula en 3º e 4º da ESO. No caso de optar polo pago en efectivo no centro, anotar: EFECTIVO na liña de puntos.
- 3- Autorización para uso da imaxe persoal
- 4- Comunicación incidencias sanitarias
- 5- Autorización para saír só do centro
- 6- Solicitude do comedor
- 7- Confirmación liña de transporte
- 8- Solicitude de matrícula

Pregamos que traian todos estes documentos cumprimentados, revisados e asinados. Todos eles teñen carácter obrigatorio e anual segundo a normativa da Consellería. Ademais terán que achegar:

- 1- DNI (Obrigatorio para alumnado de 3º e 4º ESO ou maior de 14 anos)
- 2- Fotos (co nome do alumno escrito por detrás):
 - 1º ESO: 2 fotos
 - 2º, 3º e 4º ESO: 1 foto

No caso da solicitude do comedor **NON É NECESARIO** presentar a declaración da renda salvo que se necesite axuda para facer o cálculo ou non se autorice a consulta telemática

Estamos á vosa disposición para calquera dúbida.

A dirección
Monfero, 19 de xuño de 2020